

Así, a novela, alén de desenvolver a intriga do enigma do cadro e a procura dun Armando Ónega que está moito máis preto do que o protagonista imaxina, acaba enfiándose como unha reflexión sobre o fracaso dos sonhos, e tamén sobre a ética, os principios propios e a delgada liña que separa o legal do ilegal, segundo se acheguen ao alcance dun as tentacións, por falsas ou verdadeiras que sexan. O resultado, para o protagonista, é un fracaso só a medias, porque lle permite regresar ao mundo real en todos os sentidos, madurar, aínda que soe a paradoxico, e refuxiarse no único elemento –ademais de Indalecio, o inevitable dono da taberna Delicias– que se presenta verdadeiramente lúcido: o amor de Marian, a súa parella, e o cumprimento de sonhos cotiás que ás veces parecen imposibles e acaban facéndose realidade, tamén inesperadamente, como a viaxe de noivos soñada que para ambos semellaba imposible.

Ese mesmo xogo trasládase a un estilo algo pedantesco e fóra de tempo, que encaixa moi ben coa categoría do personaxe, que en determinados momentos volta a coloquialismos máis rexos e ferroláns. A convivencia de contrarios é, pois, unha das principais características construtivas da novela, a todos os niveis; un cadro fronte a un violín: un profesor pusiánime e falto de cartos fronte a unha intriga de cine, coches de alta gama, cartos e alemás rubias; a realidade fronte aos sonhos. En parte, o misterio é o de menos. O enfrontamento, ao final, é contra un mesmo e contra a aceptación da realidade que nos toca.

Xosé Antonio LÓPEZ SILVA

YÁÑEZ JATO, Rafael (2015): *Farewell*. Madrid: Adeshoras, 95 pp.

Un poemario con dous finais. Un poemario que é, a vez, catro libros nun. Así é *Farwell*, unha obra que destaca dentro do panorama literario por tan singular edición e que probablemente tamén ocupará un lugar especial dentro da traxectoria poética de Rafa Yáñez.

“Aínda soña o meu primeiro tren”, resoa o longo poema que dá nome ao conxunto. Adicado ao seu pai, o poeta constrúe aquí o recordo como pervivencia, un espazo onde a despedida é unha porta ás delicias do pasado

(“Desexo seguir sendo/ os ollos daquel neno/ fascinado polo loureiro”) e onde o diálogo consciente entre o presente e a memoria se explicitan a través dunha metáfora de tránsito en varias ocasións: “Víaixo entre trópicos (...)/ Os meus extremos (...)”. O poema sintetiza á perfección a interacción entre as dúas grandes seccións do libro, *Silencios e Facianas*. É pois un texto chave que nos confirma determinadas impresións sobre a obra que van xurdindo ao avanzar na lectura; neste sentido, a súa colocación en penúltimo lugar resulta moi estratéxica. Dada a súa situación, recae sobre este poema boa parte do peso discursivo e da nosa atención. Ademais, o poeta axúntalle *Final*, un breve texto que, podendo ser entendido como unha redundancia (*Farewell* pode traducirse como un “ata sempre”: ese saúdo formal propio de cando non se sabe se haberá unha próxima vez), pecha o libro confirmando un punto de encontro dentro da dualidade: “podo alcanzar coas miñas mans/ ambos os dous polos”. O autor reclama o seu protagonismo fronte á mera contemplación.

Todo o libro de *Farwell* pode ser visto como un percorrido. O punto de partida son os anos de entrada na madurez en que a escrita poética é descuberta, apuntado nos versos que abren, a xeito de prólogo autopoético, a composición: “eu gustaba de ser un deles/ e ti agochabas a túa crítica cun bico”. Se reparamos en “Silencios”, o primeiro apeadoiro do camiño, apenas xulga os feitos e lembranzas narrados. Ao longo dunhas creacións de límites difusos e formato variábel, xunta vivencias creando unha pasarela estreita que conecta directamente co lector ou lectora. Cunha sobriedade na que destacan, por veces, unhas imaxes moi fermosas e coloridas, condúcese a capricho a través dunha colleita de intres íntimos, viaxes, soidades, que o autor decide compartir. Os lugares que Rafa comparte ás veces parecen desertos, “as miñas raíces/ no centro/ do teu silencio”. Outras, desprenden a enerxía dos desexos que queren pervivir, cunha forza que contrasta sempre con outras expresións máis descritivas: “dormiremos/ abrazados/ también mañana/ dormiremos”. Fronte a esta primeira parte, máis da experiencia e da reflexión, a segunda é frecuentada polas caras coñecidas do escritor,

incluídas as dos seus fillos. Mesmo por aquelas que lle gustaría ter coñecido, como Jaime Gil de Biedma. “Facianas” componse de rostros estáticos, coma fotografías (“sorrinte/ acotobellada en sepia/ son incapaz de te recoñecer”), de xente amada. Remata cun autorretrato moi visual, situándose nel a si mesmo entre o que foi (“un flash back”) e o que vén, aínda descoñecido (“un flash forward”). Quizais por iso, nesa indefinición un tanto confusa, explica: “mi rostro es una ecuación sin grado”.

Se se quixese destacar algún aspecto desta obra, coido que o sensual xoga, xunto á reflexión, un papel moi importante. Presente por igual en “Silencios” e mais en “Facianas”, é retratado de xeito sutil, envolvendo os textos cun certo deixar ambiguo: “só eu son incompleto/ cando agardo por ti”. Unhas veces, as imaxes carnis sacan de toda dúbida; o motivo amoroso está presente de varias maneiras e elévase alto en “A túa faciana II”: “Eu/ continuo teimudo en te bañar”. Outras, a exhuberancia e o xogo do ti e o eu, das miradas, é un reflexo do tratamento de intimidade que se lle dá aos suxeitos protagonistas doutras composicións como “Faciana de muller”, outro exemplo fantástico do poeta ollando desde o centro do furacán: “Lembra ter sido dozura inconexa/ dun xemido desesperado. Lémbrao”.

Porque o poeta, Rafa, dalgún xeito fala desde o epicentro das súas tensións e das persoas que recolle aquí. Dálles voz, modela os seus pensamentos. E faino de tal xeito que crea para cadaquén un discurso veraz, quente e tamén interior a quen le. Non son os motivos e temas o que principalmente lle dá a frescura a este título. *Farewell* é intenso e poderoso porque consegue arrastrar ao centro do silencio e das mil bocas do autor, ao conflito recreado. Non é unha lectura de verán. É un convite a viaxar por un punto de inflexión, desde abaixo ata o seu cumio. Non hai indiferenza, hai coñecemento do eu. E, como refire o seu prologuista, Luís García Montero, esa ollada do poeta “dibuja el espacio de la verdad para la poesía, el lugar en el que nuestro interior coincide para la poesía, el lugar en el que nuestro interior coincide con el exterior del mundo”.

Lidia LÓPEZ TEIXEIRO

QUINTIÁ, Xerardo (2015): *O viaxeiro radical*, Vigo: Galaxia, 216 pp.

*O viaxeiro radical* é unha novela curta que, sen dúbida, espertará a curiosidade de quen a lea. Baixo o seu suxerente título, quizais un tanto ambicioso, agóchase un texto a medio camiño entre o biográfico e o ficcional sobre Manfred, máis coñecido en Galicia como o alemán de Camelle. Paradigma galego do inmigrante (e artista) excéntrico, Mann foi gañando o dereito de facer do seu peculiar estilo de vida unha bandeira da comunión coa arte e a natureza. Afincado nunha pequena vila da Costa da Morte, durante máis de trinta anos foi creando unha sorte de controvertido museo, onde ía modificando a paisaxe con coloridas esculturas. Aínda que as súas rarezas non eran ben aceptadas por moita xente, a súa morte ao pouco tempo da catástrofe do Petroleiro Prestige e unhas fotografías del diante das súas obras de arte cheas de fuel conmovéron a sociedade enteira.

Ao inicio, os nomes dunhas personaxes sinxelamente caracterizadas situánnos nalgún lugar distante de Galicia, Alemaña. Apenas podemos intuír que detrás do protagonista do relato, un mozo medioburgués que marcha cara a París para ser artista, se agocha a figura de Mann. O ritmo rápido, con descrições cheas de cor e acaídas á visión plástica que domina a narración, transporta con sorprendente facilidade a centroeuropa. A viaxe como procura e as inquedanzas da xuventude recordan a outros textos cos que comparte fondo e forma, mais ben resoltos e amenos.

Os aspectos máis dubidosos son, na nosa opinión, tanto a historia de amor narrada como as pasaxes “semimísticas” onde Quintiá parece querer explicar o porqué dalgúns dos seus comportamentos e decisións tomadas. Hai que ter en conta que ficcionalizar, en maior ou menor medida, a vida de alguén, require de moita habilidade, pois, con demasiada frecuencia, poden verse as costuras entre o que é retratado e o que é recreación. Nese sentido, o autor semella non quedarse escaso de documentación, maos peca, por veces, de certo ton de xustificación onde, probabelmente, suxerir ou deixar entrever posíbeis causas tería dado mellor re-